



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

A C T A

En Arzúa, a 24 de abril de 2018.

Ás 9:30 horas, reúnense na dependencia destinada a Secretaría dentro da Casa do Concello, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a proba teórica da fase de oposición do proceso de selección, mediante concurso-oposición, para poder seleccionar á persoa que será contratada para desempeñar o posto de traballo de **asesor xurídico do Centro de Información á Muller**, na modalidade de contrato de interinidade a tempo parcial, cunha xornada laboral de doce horas semanais, por un período de tempo que comprenderá ata que se reincorpore a traballadora que foi contratada no seu momento para desempeñar o posto de traballo, cuxa traballadora se atopa na situación de excedencia forzosa ao pasar a desempeñar un cargo público; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2017.

Asisten a este acto os tres membros da Comisión Seleccionadora que deseguido se indican, por canto que as vogais Mónica Seijas Rey (axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques) e Ana Vallo Camba (axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto) non poideron comparecer.

* Presidenta: D^a. Ana Ramos Ramos (*secretaria do Concello de Pontedeume*).

*Vogais:

- D^a Guadalupe Vázquez Ascariz (*traballadora social do Concello de Toques*).

*Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*), que actúa con voz e voto.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a fase oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen o concurso-oposición*”.

Para o cal, pola presidenta elaborouse -con anterioridade ao comienzo deste exercicio, desde as 9.30 horas ata as 10.00 horas- as trinta cuestiós en que consistirá dito exercicio; de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respuestas alternativas, sendo só unha de tales respuestas a considerada correcta; incluindo tamén cinco cuestiós de reserva na forma indicada. Con cujas cuestiós mostraron a súa conformidade os outros dous membros da Comisión Seleccionadora.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos sete folios que conteñen as trinta

preguntas elaboradas, incluindo tamén cinco preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada unha das seis aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*das doce aspirantes que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolle saber a presidenta e o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar cun círculo, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos cada resposta incorrecta, mentres que as respuestas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de 45 minutos, desde as 10.40 horas ata as 11.25 horas.

Sendo dito cuestionario o que xa obra en poder das aspirantes presentadas e que agora se recolle en un Anexo da presente acta; figurando en vermello cal é a resposta correcta a cada unha das cuestións formuladas.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos tres membros integrantes- outorgou as seguintes puntuacións, segundo para iso o orde de maior a menor puntuación obtida por cada unha das seis aspirantes presentadas:

Nome e apelidos	Puntuacion proba teórica
Begoña Riveira Barros	21,25 puntos (22 ben, 3 mal, 5 en branco)
Silvia Miguez Pereira	18,50 puntos (20 ben, 6 mal, 4 en branco)
Carolina Fernández Mosquera	18,25 puntos (19 ben, 3 mal, 8 en branco)
Begoña Rodríguez Fernández	17,50 puntos (18 ben, 2 mal, 10 en branco)
Silvia Carames González	16,75 puntos (18 ben, 5 mal, 7 en branco)
Vanesa Dios Otero	13,25 puntos (15 ben, 7 mal, 8 en branco)

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, e mais en concreto en canto á aspirante que obtivo unha puntuación próxima aos 15 puntos, que era o límite para non quedar eliminados.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos tres membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primero.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada unha das seis aspirantes presentadas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que as interesadas poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase oposición.

Segundo.- Facer saber á aspirante que non obtivo a puntuación mínima de 15 puntos, que quedaba eliminada para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen o concurso-oposición.

Terceiro.- Convocar as cinco aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que

comparezan a realizar o **exercicio práctico** da fase de oposición, o vindeiro día **10 de maio (xoves) as 10:00 horas**, no Salón de Comisións da Casa do Concello, sita na rúa Santiago, nº 2; cuxo exercicio consistirá na resolución dun suposto práctico entre dous propostos pola Comisión Seleccionadora, relacionados coas materias incluidas no programa incluido no Anexo I das Bases, cuxo suposto práctico estará en consonancia cos procedementos, tarefas e funcións habituais do posto de traballo; podendo utilizar para a súa resolución textos legais non comentados.

Cuarto.- Convocar aos membros da Comisión Seleccionadora o mesmo día 10 de maio ás 9.30 horas, na Casa do Concello de Arzúa, aos efectos da preparación da proba práctica antedita.

Unha vez que a Comisión Seleccionadora valorou os exercicios teóricos realizados polas seis aspirantes presentadas no día de hoxe, e se adoptaron os acordos que quedaron transcritos na presente acta: trouxose á vista o escrito recibido no día de onte, a través do Sistema de Interconexión de Rexistros, co número de rexistro O00006300 e1801103057, que foi remitido pola aspirante **Begoña Rodríguez Fernández**, o día 20 do presente mes ás 13.27:59 horas, desde o Registro Xeral da Subdelegación do Goberno de Lugo; a través de cuxo escrito formula reclamación contra a acta estendida da sesión celebrada pola Comisión Seleccionadora o día 18 de abril de 2018, con motivo da valoración de méritos acreditados polos aspirantes na fase de concurso; e iso co obxecto de que lle sexan valorados os méritos que acreditou a través do certificado de data 20 de decembro de 2017, emitido polo secretario do Colexio de Avogados de Lugo; considerando dita aspirante que a puntuación correcta tiña que ser de 32,40 puntos, se se valorara con 0,15 puntos cada mes en que estivo adscrita ao Turno de Oficio especialidade de Violencia de Xénero, desde xaneiro do ano 2000 ata a actualidade.

Tras considerar o exposto por dita aspirante; a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos tres membros asistentes- acordou desestimar a reclamación presentada, por canto que o certificado aportado refirese a servizos prestados como profesional do dereito no ámbito privado, (e de ser obxecto de valoración a puntuación sería de 0,10 puntos por mes traballado e non de 0,15 puntos como di a aspirante), pero non pode admitirse porque non achega o correspondente contrato de traballo, no que se faga constar o posto desempeñado e as funcións, así como a súa xornada de traballo, tal como se indica na Base Décima das que rixen o proceso de selección, onde se engade que a duración do tempo de traballo se acreditará co informe de vida laboral, que tampouco achega a aspirante.

Co cal douse por rematado o acto, as 12.00 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente; do que dou fe.

1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DUN/HAASESOR XURÍDICO PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN DA MULLER. CONCELLO DE ARZÚA.

CUESTIONARIO TIPO TEST

1.- Para unha reforma do Título III da Constitución esíxese:

- a) Maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras e referendo.
- b) Maioría de 2/3 de cada unha das Cámaras, e referendo se así o solicita unha décima parte dos membros do Congreso.
- c) Maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras, e referendo se así o solicita unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

2.- Corresponde en todo caso aos municipios

- a) A potestade de programación ou planificación
- b) A potestade lexislativa
- c) Ningunha das anteriores é correcta
- d) A potestade de asesoramento xurídico

3.- O procedemento de selección de funcionarios da administración local axustarase a:

- a) Lexislación básica do Estado
- b) Ao que establezan as súas bases exclusivamente.
- c) Ao que diga o Alcalde.
- d) Únicamente á Constitución

4.- Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde:

- a) De entre os membros da Xunta de Goberno.
- b) De entre calquera dos concelleiros.
- c) De entre os membros da Xunta de Goberno e onde esta non exista de entre os concelleiros.
- d) Son electos polas asociacións más representativas do municipio.

5.- O número de membros da Xunta de Goberno Local non poderá superar:

- a) O número de 5 membros
- b) O tercio de número legal de membros da corporación.
- c) A mitad dos concelleiros do equipo de goberno.
- d) Dous membros como mínimo

6.- O procedemento para a delegación de atribucións de Alcaldía será

- a) Ditado de decreto da alcaldía delegante e publicación no BOP, e dacción de conta ao Pleno.

- b) Escrito do Alcalde dirixido ao concelleiro delegado
- c) Ningunha das anteriores é correcta.
- d) Sera nomeado polo Presidente da Xunta de Galicia

7.- Son órgaos complementarios

- a) Os concelleiros
- b) Os concelleiros delegados**
- c) Os tenentes de alcalde
- d) O CIM

8.- A Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes publicouse no BOE de data:

- a) 23 de Marzo de 2007**
- b) 18 de xaneiro de 2018
- c) 26 de outubro de 1978
- d) 2 de xaneiro de 2007

9.- A fin de facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes no sector agrario

- a) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio de Traballo e Asuntos sociais desarrollarán a figura da titularidade compartida.**
- b) As medidas levaránse exclusivamente polos Alcaldes de cada municipio.
- c) Atenderase ao que indica a Constitución ao respecto.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

10.- O Plan estratéxico de Igualdade de oportunidades ven regulado:

- a) No Artigo 17 da LO 3/2007**
- b) No artigo 21 da Lei 7/1985
- c) No artigo 143 da CE
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

11.- Por medio da Lei 27/2003, de 31 de xullo reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica modifícase o artigo

- a) 1 da lei de enxuizamento criminal,
- b 16 da lei de igualdade
- c) 13 da lei de enxuizamento criminal**
- d) Ningún dos anteriores se modifica.

12.- Indique cal das seguintes afirmacións é correcta.

- a) De acordo co establecido na Lei 34/1988 Xeral de publicidade, se considerará ilícita a publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vejatorio ou discriminatorio.
- b) A imaxe da muller é beneficioso que se incorpore aos medios de comunicación escrita como reclamo publicitario
- c) De acordo co establecido na Lei 34/1988 Xeral de publicidade, se considerará desaconsellable en horario infantil a publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vejatorio ou discriminatorio.
- d) De acordo co establecido na Lei 34/1988 Xeral de publicidade, se considerará pouco apropiada a publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vejatorio ou discriminatorio.

13.- A Lei 13/2005 de 1 de xullo

- a) Modifica o código civil
- b) Modifica a lei de enxuizamento criminal
- c) Modifica o Código penal
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

14.- Os requisitos e procedementos para o recoñecemento dos CIM das entidades locais de Galicia, ven regulado

- a) No Decreto 130/2016
- b) No Decreto 100/2016
- c) No Decreto 1/1988
- d) Por Decreto da Alcaldía

15.- Enténdese por CIM aqueles recursos de carácter permanente dende os que se articula unha intervención global dirixida ás mulleres

- a) En materia de asesoramento xurídico
- b) Atención psicológica
- c) Orientación profesional
- d) Todas as anteriores son correctas

16.- Os CIM

- a) Carecen de personalidade xurídica
- b) Teñen personalidade xurídica e de obrar
- c) Son de titularidade autónomica
- d) Son de titularidade estatal

17.- para poder beneficiarse do CIM do concello

- a) E imprescindible que as usuarias estén empadronadas no municipio
- b) Non é necesario que estén empadronadas
- c) Non se pode esixir o empadroamento no caso de que o seu domicilio se atope nun concello onde non hai CIM
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

18.- Os CIM permanecerán por mandato legal abertos

- a) De luns a venres
- b) Todos os luns
- c) Cando o estableza o Alcalde sen ningún límite
- d) Ningunha das anteriores é correcta

19.- A memoria anual do CIM estará rematada

- a) Con data límite de 31 de decembro de cada ano
- b) Como moito o 30 de xuño
- c) Con data límite o 31 de xaneiro do ano seguinte ao que se refire a memoria
- d) Non hai que elaborar anualmente ningunha memoria

20.- O Decreto 130/2016 consta de

- a) 3 capítulos e 24 artigos
- b) 50 artigos
- c) 1 disposición final
- d) 120 artigos

21.- Sinala a resposta correcta

- a) O Alcalde en cada termo municipal será o órgao competente para a determinación dos criterios orientadores en materia de violencia de xénero
- b) A Xunta de Galicia promoverá acordos e convenios de autorregulación en todos os medios de comunicación social, acercando os criterios orientadores que sirvan como pauta de actuación sobre como tratar a violencia de xénero e a imaxe das mulleres.
- c) O servizo de asesoramento xurídico será autónomo na determinación dos criterios orientadores en violencia de xénero
- d) A Garda Civil será a única competente.

22.- Indique a resposta correcta

- a) O Consello Escolar en cada concello establecerá as pautas en materia de violencia de xénero nos centros educativos do municipio
- b) A inspección educativa será a encargada de elaborar un informe anual sobre a situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galicia.
- c) O Consello Escolar de Galicia, en colaboración co departamento da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, elaborará un informe anual sobre a situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galicia.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

23.- a) O convenio regulador conterá a regulación da patria potestade, réxime de visitas, e pensión.

- b) O convenio regulador conterá a atribución do uso da vivenda
- c) O convenio regulador establecerá a contribución ás cargas do matrimonio e alimentos
- d) Todas as anteriores son correctas

24.- a) As obrigas dos pais para cos fillos rematan no momento da sentenza de nulidade

- b) A separación, nulidade e o divorcio non eximen aos pais das súas obrigas para cos fillos
- c) Será decisión dos fillos se acollen as decisións dos pais en caso de nulidade matrimonial
- d) Ningunha das anteriores é certa.

25.- a) Si conviviran no domicilio familiar fillos maiores de idade ou emancipados que careceran de ingresos propios, o Xuiz, fijará os alimentos que sexan debidos conforme ao código civil

- b) Os fillos maiores de idade en ningún caso terán dereito a pensión alimenticia
- c) A pensión alimenticia entre fillos emancipados e o pai con ingresos será pactada entre ambos ao ser todas as partes maiores de idade
- d) A pensión alimenticia correspónelle ao conxuge en caso de nulidade

26.- O convenio regulador pode formalizarse por

- a) Sentenza firme
- b) Escritura pública
- c) Decreto firme
- d) Todas as anteriores son correctas

27.- A pensión compensatoria ven regulada entre outros no

- a) artigo 90 do Código civil
- b) artigo 92 do Código civil
- c) artigo 95 do Código civil

d) artigo 97 do Código civil

28.- Unha vez ditada a sentenza de separación ou divorcio cando se determine a pensión, cabe modificala

- a) Por decisión unilateral do pagador
- b) Por decisión do Ministerio Fiscal
- c) Por decisión de ambos necesariamente de mutuo acordo
- d) **Por alteración da fortuna de un ou do outro conxuge**

29.- As medidas provisoriais por demanda de divorcio veñen reguladas

- a) No capítulo X do Código Civil
- b) No artigo 50 do Código Civil
- c) No artigo libro X do Código Civil
- d) Non veñen reguladas no Código Civil

30.- a) A separación e o divorcio legal se rexirán polas normas da Unión Europea ou españolas de Dereito internacional privado.

- b) Por norma de cada CCAA
- c) Por normas aprobadas polo CIM municipal
- d) Por cada concello

RESERVA.

1.- As entidades locales territoriales son

- a) **Municipio, provincia e a isla**
- b) O municipio só e territorial
- c) As CCAA e as provincias
- d) Ningunha das anteriores é correcta

2.- E competencia do pleno entre outras

- a) a aprobación dos regulamentos e as ordenanzas
- b) A aceptación da delegación de competencias doutras administracións
- c) **Ambas son correctas**
- d) Ningunha das anteriores é correcta

3.- Procedimiento de «habeas corpus» ven regulado no

- a) 5 da CE
- b) 16 da CE
- c) 17 da CE
- d) Non se regula na CE

4.- As comisións informativas poden ser

- a) Permanentes e especiales
- b) Sempre son permanentes
- c) Xurídicas
- d) Municipais en todo caso

5.- O dereito á honra e a propia imaxe ven regulado no

- a) 16 da CE
- b) 20 da CE
- c) 18 da CE
- d) 31 da CE
